

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4209 *Real decreto lei 12/2020, do 31 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero.*

I

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O artigo 18 do citado real decreto prevé que as autoridades, empresas e provedores adopten as medidas necesarias para asegurar a prestación dos servizos esenciais que lles son propios.

Neste sentido, o artigo 2.a) da Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas, define eses servizos esenciais como o servizo necesario para o mantemento das funcións sociais básicas, a saúde, a seguridade, o benestar social e económico dos cidadáns, ou o eficaz funcionamento das institucións do Estado e das administracións públicas.

Así mesmo, foron aprobados o Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, e o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, coa finalidade de poder dar resposta á situación creada como consecuencia da situación de emerxencia e da declaración do estado de alarma nos diferentes ámbitos afectados, tanto económicos como sociais.

As medidas adoptadas a raíz desta situación están provocando un especial impacto en determinados colectivos de persoas especialmente vulnerables que deben ser obxecto de protección por parte do Goberno.

As mulleres vítimas de violencia de xénero son un colectivo especialmente vulnerable en situacións de illamento domiciliario, por se veren forzadas a convivir co seu agresor, o que as pon nunha situación de maior risco, como se veu demostrando con motivo de situacións parcialmente análogas, como os períodos de vacacións sen situación de permanencia en domicilios, períodos en que se disparan os casos de violencia de xénero e de violencia doméstica.

Neste contexto, xa antes da declaración do estado de alarma e da aprobación das medidas adoptadas ao seu abeiro, desde o Ministerio do Interior impartíronse as instrucións oportunas en relación cos expedientes activos na Área de Violencia de Xénero da Secretaría de Estado de Seguridade. Porén, resulta preciso levar a cabo medidas dirixidas en especial á protección e asistencia das vítimas de violencia de xénero e, en particular, daquelas que se poidan encontrar nunha situación de especial vulnerabilidade, como garantía dos seus dereitos e, en particular, do dereito á asistencia social integral recollido na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Efectivamente, o artigo 19 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, sinala que as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito á asistencia social integral, a través de servizos sociais de atención, de emerxencia, de acollida e de recuperación integral. Segundo a norma, a organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e das corporacións locais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

A violencia de xénero constitúe, sen dúbida ningunha, unha ameaza aos dereitos humanos, entre eles a vida, a integridade física e psíquica, a saúde, a seguridade e o benestar económico e social das súas vítimas e do conxunto da sociedade; polo tanto, merece que, no marco dunha situación de excepcionalidade como a declarada polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, se articulen as medidas necesarias para garantir o

adecuado funcionamento dos servizos destinados á súa protección e asistencia, eliminando os obstáculos que poidan dificultar ou imposibilitar o acceso das vítimas aos medios habituais de asistencia integral, comunicación e denuncia de situacións de violencia de xénero, ou que, mesmo dispendo de tales medios, se poidan encontrar con que os servizos de asistencia non estean dispoñibles ou non o estean ao nivel habitual de atención.

Por outro lado, o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Istambul o 11 de maio de 2011, obriga os Estados parte a adoptaren as medidas necesarias para previr e dar resposta á violencia contra as mulleres. En particular, no seu artigo 7 insta a que as medidas que se tomen impliquen, de ser o caso, a todos os axentes pertinentes, como as axencias gobernamentais, os parlamentos e as autoridades nacionais, rexionais e locais, e no seu artigo 8 promove a dedicación de recursos financeiros e humanos adecuados para a correcta aplicación de políticas integradas, medidas e programas dirixidos a previr e combater todas as formas de violencia incluídas no ámbito de aplicación do convenio.

En setembro de 2017, os plenos do Congreso dos Deputados e do Senado aprobaron, respectivamente, o informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero e o informe da Ponencia de estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero. Ambos integran o Pacto de Estado contra a violencia de xénero (en diante, Pacto de Estado), cuxa aprobación culminou en decembro de 2017 cos acordos alcanzados entre o Goberno e o resto das administracións autonómicas e locais. O Pacto de Estado, ademais de medidas xenéricas dirixidas a todas as administracións públicas, inclúe, no seu eixe 7, recomendacións específicas para as comunidades autónomas e as entidades locais, acompañadas para a súa realización polo compromiso económico previsto no seu eixe 9. Este establece un fondo finalista para a execución das medidas do Pacto de Estado, destinado ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, de cen millóns de euros, que se reflicte anualmente nos orzamentos xerais do Estado.

A forma e o procedemento en que se deberá realizar a distribución destes fondos ás comunidades autónomas, a través da Conferencia Sectorial de Igualdade, e os prazos para a súa transferencia e a súa correspondente execución no respectivo exercicio económico, establecidos no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, impiden aproveitar eficazmente os recursos que achega o Pacto de Estado durante o período de cinco anos para a súa execución.

De acordo co artigo 86 da mencionada Lei 47/2003, do 26 de novembro, a Conferencia Sectorial de Igualdade terá lugar ao comezo do exercicio económico para acordar os criterios obxectivos para a distribución territorial dos créditos orzamentarios e a súa distribución entre as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla. Esta distribución será aprobada mediante acordo do Consello de Ministros e, a seguir, os órganos competentes da Administración xeral do Estado, é dicir, do Ministerio de Igualdade, aprobarán os instrumentos xurídicos oportunos para a formalización dos compromisos financeiros.

É nese momento da formalización dos compromisos financeiros cando, no suposto de que as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla teñan remanentes de fondos non comprometidos correspondentes ás transferencias do exercicio anterior (determinados no estado de execución que estas deben presentar non máis tarde do 31 de marzo de cada exercicio), estes remanentes deberán ser descontados da cantidade que corresponda transferir a cada comunidade autónoma, para seren utilizados no exercicio corrente como situación de tesouraría na orixe.

Ademais, os créditos que correspondan a cada comunidade autónoma libraránselle e faranse efectivos por cuartas partes na segunda quincena natural de cada trimestre (coa única excepción do pagamento correspondente ao primeiro trimestre), que só se poderán facer efectivos unha vez que se aprobase definitivamente a distribución territorial dos créditos e se formalizasen os correspondentes compromisos financeiros mediante o oportuno instrumento xurídico.

Polo exposto, de acordo co estado de execución que presenten cada comunidade autónoma e as cidades de Ceuta e Melilla non máis tarde do 31 de marzo, coñeceranse os remanentes que non comprometesen en 31 de decembro de 2019, tanto respecto dos créditos do Pacto de Estado que se transferiron en 2018 (que se puideron executar en 2019 en virtude da disposición adicional única do Real decreto lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero) como dos transferidos en 2019. Así, os remanentes que non comprometesen en 31 de decembro de 2019 deberán ser descontados da cantidade que corresponda transferir a cada comunidade autónoma e ás cidades de Ceuta e Melilla no presente exercicio 2020, de tal maneira que, de non mediar unha urxente modificación normativa, unha vez que teña lugar a Conferencia Sectorial de Igualdade, os fondos do Pacto de Estado para as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla para 2020 non se poderían transferir de forma efectiva porque se descontarían os remanentes dos fondos transferidos nos exercicios anteriores que non fosen comprometidos.

Ademais, de acordo co mencionado artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, os créditos que corresponda xestionar a cada comunidade autónoma libraránselle e faranse efectivos por cuartas partes na segunda quincena natural de cada trimestre, polo que o libramento dos últimos trimestres limita enormemente a posibilidade da súa execución durante o exercicio económico corrente a que se refire o propio artigo 86.

Así, dado que o libramento dos créditos se estende ata o último trimestre do ano, é moi difícil que nese breve prazo se poida realizar algunha das necesidades identificadas polas distintas comunidades autónomas, posto que tanto a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen uns prazos de tramitación administrativa que non permiten a súa adecuada execución nos estritos prazos xa mencionados.

Coa finalidade de evitar tal desconto, que sería tan prexudicial para a loita contra a violencia de xénero, facilitar a execución dos fondos transferidos nos últimos trimestres do ano, e a propia necesidade de celebrar canto antes a Conferencia Sectorial de Igualdade en que se formalice a distribución dos fondos para 2020, quedan suficientemente acreditadas as razóns de urxente e extraordinaria necesidade que xustifican a medida adoptada mediante este real decreto lei. A adecuada execución do Pacto de Estado así o exige.

Estas circunstancias que impiden executar adecuadamente os créditos do Pacto de Estado en cada exercicio orzamentario tamén foron trasladadas por escrito e expostas polas propias comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla na Conferencia Sectorial de Igualdade que tivo lugar o 17 de outubro de 2019, na cal manifestaron maioritariamente a necesidade de exceptuar o réxime dos remanentes previsto na regra sexta do número 2 do artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, tal e como xa se fixo en 2018 ou, na súa falta, establecer un ámbito temporal máis amplo para a execución dos fondos do Pacto de Estado.

Así mesmo, e en referencia ás transferencias ás comunidades autónomas para a execución dos fondos do Pacto de Estado, resulta inminente a culminación do prazo para xustificar e acordar a repartición de fondos; a necesidade de manter os servizos esenciais de asistencia social integral contra a violencia de xénero nun contexto de excepcionalidade como este en que nos encontramos, coas modificacións necesarias para a súa adaptación ás medidas dispostas polas autoridades delegadas, constitúe unha xustificación adicional á necesidade de exceptuar a aplicación da regra sexta do artigo 86.2 da Lei 47/2003, xeral orzamentaria, nos termos previstos no presente real decreto lei.

Concorren, pois, os requisitos constitucionais de extraordinaria e urxente necesidade que habilitan o Goberno para aprobar as medidas contidas neste real decreto lei dentro da marxe de apreciación que, en canto órgano de dirección política do Estado, lle recoñece o artigo 86.1 da Constitución (SSTC 142/2014, FX 3 e 33/2017, FX 3).

II

En consecuencia, e na procura de dar resposta ás necesidades de protección das vítimas de violencia de xénero nun contexto como este en que nos encontramos, este real decreto lei adopta unha serie de medidas destinadas a manter e adaptar os servizos de asistencia integral e protección, establecendo medidas organizativas para garantir o adecuado funcionamento dos servizos destinados á súa protección, así como a adaptación das modalidades de prestación destes ás circunstancias excepcionais a que se ve sometida a cidadanía durante estes días.

Desta maneira, o presente real decreto lei estrutúrase en dous capítulos. O primeiro deles contén seis artigos destinados a asegurar o funcionamento dos servizos de asistencia e protección integral das vítimas de violencia de xénero no marco do estado de alarma. O segundo capítulo contén dous artigos: no primeiro, prevese a excepción da aplicación da regra sexta do artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, para os fondos destinados ao financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, co obxectivo de asegurar a implementación e prestación continuada dos servizos de asistencia e protección das vítimas de violencia de xénero durante os cinco anos de vixencia do Pacto de Estado. No segundo, habilítase o financiamento dos servizos postos en marcha polas comunidades autónomas para facer fronte ás necesidades en materia de violencia de xénero derivadas da declaración do estado de alarma.

Finalmente, o texto péchase cunha disposición transitoria que regula a aplicación da excepción á regra sexta do artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, aos remanentes non comprometidos correspondentes ao exercicio orzamentario do ano 2019, e dúas disposicións derradeiras que conteñen o fundamento constitucional das medidas adoptadas e a entrada en vigor deste real decreto lei.

III

Por outra parte, respéctanse os límites constitucionalmente establecidos para o uso deste instrumento normativo, pois este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Ademais, o real decreto lei representa un instrumento constitucionalmente lícito, en canto que pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional, que remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

Nas medidas que se adoptan no presente real decreto lei para garantir a prestación dos servizos de atención e protección integral das vítimas de violencia de xénero aprécianse as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade previstas no artigo 86 da Constitución española, derivadas da situación do estado de alarma, e considérase, por outra parte, que os obxectivos que se pretenden alcanzar con el –a protección inmediata e efectiva das vítimas de violencia de xénero– non se poden conseguir a través da tramitación dunha lei polo procedemento de urxencia.

Así mesmo, e no que se refire á disposición relativa ao réxime dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero transferidos ás comunidades autónomas, concorre neste caso o presuposto habilitante da urxente necesidade, derivado das dificultades existentes para executar os fondos transferidos ás comunidades autónomas.

O curto período de tempo para a execución das medidas identificadas en cada un dos exercicios e as regras xerais de tramitación contidas nalgunhas normas (tanto a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público), así como o carácter absolutamente prioritario da loita contra a violencia de xénero, aconsellan que, de forma singular, se exceptúe o réxime contido na

regra sexta do artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, para o período de tempo en que manteña a súa vixencia o Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Por tanto, neste real decreto lei concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

IV

Este real decreto lei cumpre cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que, no exercicio da iniciativa lexislativa, deben cumprir as administracións públicas.

En canto aos principios de necesidade e eficacia, vense plenamente sustentados dado o interese xeral en que se funda, pois o real decreto lei é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

Polo que respecta á proporcionalidade, buscouse establecer unha medida imprescindible para atender a necesidade de protección, asistencia e atención das vítimas da violencia de xénero nunha situación de excepcionalidade e na cal a convivencia co agresor supón un risco certo á súa integridade física e moral.

A dita proporcionalidade pódese apreciar, así mesmo, na excepción da regra sexta do artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xa que se buscou establecer unha medida imprescindible para atender a necesidade de protección, asistencia e atención das vítimas da violencia de xénero mediante a flexibilización da regra de gasto dos programas executados polas comunidades autónomas e polas cidades de Ceuta e Melilla para tal fin; xa que logo, non se poden establecer outras medidas menos restritivas de dereitos ou que imponían menos obrigacións aos destinatarios.

Así mesmo, ao ser coherente co resto do ordenamento xurídico, supón un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilita o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións por parte das administracións públicas concernidas, polo que se entende que a proposta se adecúa ao principio de seguridade xurídica.

En cumprimento do principio de transparencia, a norma identifica claramente o seu propósito e ofrece unha explicación completa do seu contido nesta parte expositiva.

Finalmente, dado que a norma non impón cargas administrativas, enténdese plenamente cumprida a adecuación ao principio de eficiencia.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Igualdade e do ministro do Interior, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de marzo de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas para garantir o funcionamento dos servizos de asistencia e protección integral ás vítimas de violencia de xénero

Artigo 1. Declaración de servizo esencial.

Para os efectos do previsto neste real decreto lei, os servizos a que se refiren os seus artigos 2 a 5 terán a consideración de servizos esenciais cos efectos previstos no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e nas súas normas de desenvolvemento, no Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, e no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 2. Normal funcionamento dos servizos de información e asesoramento xurídico 24 horas, telefónica e en liña, así como dos servizos de teleasistencia e asistencia social integral ás vítimas de violencia de xénero.

1. As administracións públicas competentes adoptarán as medidas necesarias para garantir a prestación dos servizos de información e asesoramento xurídico 24 horas, telefónica e en liña, dirixidos ás vítimas de violencia de xénero, coas mesmas características que os que se viñan prestando con anterioridade á declaración do estado de alarma e, de ser o caso, adaptando a súa prestación ás necesidades excepcionais derivadas deste.

2. As administracións públicas competentes asegurarán o normal funcionamento do servizo telefónico de Atención e protección para vítimas da violencia de xénero (Atenpro), adaptando, de ser o caso, a súa prestación ás necesidades excepcionais derivadas do estado de alarma.

3. As administracións públicas competentes garantirán a prestación dos servizos de asistencia social integral, consistentes en orientación xurídica, psicolóxica e social destinadas ás vítimas de violencia de xénero, que viñesen funcionando con anterioridade á declaración do estado de alarma, adaptando, de ser o caso, a súa prestación ás necesidades excepcionais derivadas do estado de alarma.

A adaptación a que se refire o parágrafo anterior deberá ter en conta a situación de permanencia domiciliar e prever alternativas á atención telefónica, a través de medios como a mensaxaría instantánea para a asistencia psicolóxica ou a alerta con xeolocalización para a comunicación de emerxencia ás forzas e corpos de seguridade.

Artigo 3. Servizos de acollida a vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra as mulleres.

1. As administracións públicas competentes garantirán o normal funcionamento dos centros de emerxencia, acollida, pisos tutelados e aloxamentos seguros para vítimas de violencia de xénero, explotación sexual e trata con fins de explotación sexual.

2. Cando a resposta de emerxencia comporte o abandono do domicilio para garantir a protección da vítima e dos seus fillos e fillas, procederá ao ingreso nos centros a que se refire o punto anterior, que serán equipados con equipamentos de protección individual.

3. Cando sexa necesario para garantir a acollida de vítimas e dos seus fillos e fillas en risco, as administracións públicas competentes poderán dispor o uso dos establecementos de aloxamento turístico a que se refire a Orde TMA/277/2020, do 23 de marzo, pola que se declaran servizos esenciais determinados aloxamentos turísticos e se adoptan disposicións complementarias.

4. Aos centros a que se refire o presente artigo seralles de aplicación, naquilo que proceda en atención á súa natureza, o disposto nos puntos segundo, terceiro e cuarto da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como de subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Artigo 4. Sistema de seguimento por medios telemáticos do cumprimento das medidas cautelares e penas de prohibición de aproximación en materia de violencia de xénero.

1. As administracións públicas competentes adoptarán as medidas necesarias para garantir o normal funcionamento e prestación do servizo integral, incluído o servizo de posta á disposición, instalación e mantemento de equipamentos de dispositivos telemáticos, do sistema de seguimento por medios telemáticos do cumprimento das medidas cautelares e das penas de prohibición de aproximación en materia de violencia de xénero.

2. Para o cumprimento do disposto no punto anterior, as administracións públicas competentes poderán ditar as instrucións necesarias ás empresas prestadoras dos servizos.

Artigo 5. *Medidas relativas ao persoal que presta servizos de asistencia social integral a vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra as mulleres que, pola súa natureza, se deban prestar de forma presencial.*

1. As persoas traballadoras que por razón da súa actividade profesional teñan contacto directo coas vítimas e, en todo caso, aquelas que prestan os seus servizos en centros de teleasistencia, emerxencia ou acollida deben seguir as medidas de protección recomendadas polo Ministerio de Sanidade, segundo o nivel de risco a que están expostas.

2. Para efectos do anterior, e sempre que as dispoñibilidades así o permitan, as administracións públicas competentes, así como as empresas provedoras de servizos, deberán dotar as persoas traballadoras dos centros dos equipamentos de protección individual.

Artigo 6. *Campañas institucionais para previr a violencia de xénero durante o estado de alarma.*

1. Coa finalidade de previr os impactos que o illamento domiciliario poida ter no incremento de casos de violencia de xénero e facilitar o acceso das vítimas aos servizos de asistencia social integral, así como a sensibilización do seu contorno social e familiar, as administracións públicas competentes elaborarán as oportunas campañas de concienciación.

2. De acordo co disposto no artigo 19 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, as autoridades competentes delegadas, así como as administracións autonómicas e locais, poderán dispor a inserción das campañas ou das mensaxes, anuncios e comunicacións que formen parte delas, ás cales se refire o punto anterior, nos medios de comunicación social de titularidade pública e privada.

CAPÍTULO II

Medidas urxentes para favorecer a execución dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero por parte das comunidades autónomas

Artigo 7. *Réxime aplicable aos remanentes non comprometidos afectados ao Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.*

Con carácter excepcional, limitado exclusivamente ás transferencias previstas no crédito 25.03.232C.450 para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás comunidades autónomas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, ou os que resulten equivalentes nas leis de orzamentos xerais do Estado, non resultará de aplicación o disposto na regra sexta do artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, aos remanentes non comprometidos resultantes ao final do exercicio.

Se o gasto ou actuación a que corresponda o remanente resulta suprimido no orzamento do exercicio seguinte, destinarase aquel en primeiro lugar a facer efectivas as obrigacións pendentes de pagamento na fin do exercicio inmediatamente anterior e o sobrante que non estivese comprometido reintegrarse ao Estado.

Artigo 8. *Proxectos ou programas financiados con fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.*

As comunidades autónomas e as entidades locais poderán destinar os fondos que lles correspondan do Pacto de Estado contra a violencia de xénero a pór en marcha todos os proxectos ou programas preventivos e asistenciais que se recollen neste real decreto lei, así como calquera outro que, no contexto do estado de alarma, teña como finalidade garantir a prevención, a protección e a atención fronte a todas as formas de violencia contra as mulleres.

Disposición transitoria única. *Réxime aplicable aos remanentes non comprometidos correspondentes ao exercicio orzamentario do ano 2019.*

O disposto no artigo 7 será de aplicación ás transferencias recollidas no crédito 25.03.232C.450 para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás comunidades autónomas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero correspondente ao exercicio orzamentario do ano 2019.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do establecido nas regras 149.1.1.^a, 149.1.14.^a e 149.1.29.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de marzo de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN